

A ferruxe do piñeiro, un novo dano nas plantacións de *Pinus pinaster*

Francisco J. Fernández de Ana Magán

Investigador-xefe da sección de Fitopatoloxía
do CIFA de Lourizán

Ascensión Castro Batán

Enxeñeira de montes

O piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) ademais de ser a especie forestal maiormente empregada en Galicia é tamén a que mellor se comporta desde o punto de vista sanitario.

Ainda así, como en moitos outros cultivos forestais, cada día xurden novos problemas sanitarios maiormente vencellados ás plantacións intensivas.

Unha destas novas doenzas, coñecida como a “ferruxe do piñeiro”, é causada polo fungo *Endocronartium pini* Pers. (*Peridermium pini* Pers.) detectada recentemente nun predio de Lalín onde o tipo de dano e a intensidade do ataque é merecente dunha análise pormenorizada por mor de que pode chegar a ser máis abundosa e perigosa no futuro.

Síntomas e danos

As ferruxes son doenzas provocadas por unha ampla variedade de fungos que atacan as especies forestais, agrícolas e mesmo ornamentais. A propagación destes fungos faise por medio das súas esporas, que, en contacto coa superficie dunha nova árbore, xermolan e orixinan o micelio do fungo que penetra e infecta a planta provocando os danos.

Estes patóxenos desenvólvense a traveso dun complicado ciclo, que pode chegar a ser de varios anos e diferentes plantas.

As ferruxes, no caso deste piñeiro, poden producir lesións nas agullas, nas pólas ou no tronco. No caso de que o cancro apareza no pé da planta, prodúcese unha perda de resina e pódense apreciar as frutificacións do fungo por riba da ferida. Os cancos chegan a facer o anelamento do tronco e un golpe de vento fai que a planta rache por ese punto e caia ou seque e siga manténdose en pé.



Vista xeral da parcela de Lalín na que se detectou a ferruxe do piñeiro.



Ataque de *Endocronartium pini* no tronco.

A parcela na que se detectou este ataque presenta ao redor dun 10% da planta afectada.

Control

Para o seu control aconséllase a corta e eliminación dos pés infectados queimándoos fóra da parcela.

É preciso seguir o espallamento desta doenza, a súa presenza noutras plantacións e a intensidade do ataque. Polo de agora, ademais da súa aparición en Lalín, tamén se observou ailladamente noutros puntos da xeografía galega ■